


# O NOSO LUGAR


УСРГО НОРГО НОРК




*'ЕЕП ПАРАДА'*

**ЕЕП ПАРАДА**

# Carlos Casares



Un home da Limia que destaca polo seu sentido da responsabilidade, pola súa capacidade de diálogo e pola súa laboriosidade intelixente, incansable e reflexiva.



Carlos Casares Mourino, fillo de Francisco e Mercedes, nace en Ourense o 24 de agosto de 1941.




Os catro anos trasladouse cos pais e cos irmáns, Mercedes e Xavier a Xinzo de Limia, onde pasa a infancia.




Pasa tempadas en Lamas e Sabucedo, onde está en contacto coa natureza e escoita contos e historias que influirán na súa obra.



En 1952 ingresa no xeminario de Ourense, onde inicia a súa andaina literaria, sendo director e redactor dun diario manuxrito "El Averno".



En 1962 iniciara os estudos de filoloxía románica na universidade de Santiago de Compostela, onde coñece a Ramón Piñeira, galeguista e anti-franquista, que exerceri unha gran influencia sobre él.




En 1967 publicou a primeira obra "Vento ferido" un libro de relatos sobre a infancia, a sanidade o desamor a violencia...




No ano 1969 comenza a traballar como profesor, despedítono por defender que os nenos pobres poideran acceder ao comedor escolar e marcha traballar a Bilbao.



En 1971, nunha das viaxes de Bilbao a Galicia coñece a Kristina Berg, unha rapaza sueca, coa que casa e ten dous fillos, Hakan e Christian.



Foi membro do Parlamento Galego e un dos impulsores da lei de normalización do noso idioma.



Ao longo da súa carreira como escritor recibiu moitos premios.



Colaborou con distintas revistas e xornais galegos. Tamén dirixiu a editorial Galaxia e a revista Grial



En 1978 ingresou na Real Academia Galega. Tamén foi presidente de Consello de Cultura Galega

Traduciu o galego "O Principiño", unha importante obra da literatura universal.

Escrebiu abundantes obras en narrativa para adultos.

Foi dos primeiros en escribir literatura infantil en galego.



"Sempre fiven a tendencia a entender o mundo baixo a especie do narrado"

Carlos Casares





## ÍMONOS A SECUNDARIA

Deixamos con tristeza, e a vez con alegría, uns anos moi bonitos, según din os mellores da nosa vida, os que non se esquecen, onde tanto os alumnos coma os profesores/as compartimos vivencias inesquecibles.

Miramos atrás e parece que foi onte cando estabamos no patio de Educación Infantil coa nosa primeira profe Carmen, con ela todo o aprendiamos xogando.

Logo pasamos a primaria e xa nos parecía que eramos maiores. Esta etapa iniciámola coa profe Montse, á que seguiron: María, en segundo; Beatriz, en terceiro; Teresa, en cuarto; Estefanía, en quinto; e Mari Carmen, agora en sexto. Sen esquecer a Mar, a profesora de inglés; Rosario, a de música; Ana, a de relixión e Cristina, a de educación física. A todas queremosvos agradecer o que nos ensinastes e a paciencia que tivestes con nós. Non só aprendemos o que está nos libros, tamén nos ensinastes a ser respetuosos, bos compañeiros e a acoller amigablemente aos nenos e nenas que se ían incorporando á clase, algúns viñan de países con culturas distintas á nosa e con eles aprendemos cousas moi interesantes.


Bueno, pois... Quen sabe? Ao mellor algún día, algúns e algunhas dos que estamos aquí ocuparemos postos importantes na sociedade, e ese día, recordaremos que todo empezou aquí, ***no noso colexio***, o **CEIP Paradai**.





**Torahi, Nahir, Leydy, Salvador, Carla, Fabio, Candela, Iago, Cristina, Sabela, Joana, Tito, Miguel e Fátima.**

**6ºA**



# CARTA DE FIN DE CURSO 6º B

Querido colexio:

Esta é a nosa carta de despedida, somos os alumnos de 6ºB, a maioría coñecémonos cando só tiñamos tres anos. Chegamos o primeiro día collidos da man dos nosos pais, nerviosos e un pouco asustados.

Nesta primeira etapa de Educación Infantil as nosas mestras foron Cristina e Adela que nos ensinaron o abecedario, os números ... e sobre todo a xogar.

Pronto pasaron tres anos e xa nos sentiamos maiores, cambiamos de edificio e comezamos unha nova etapa "Educación Primaria" que compartimos con algúns compañeiro que chegaron doutros colexios e doutros países.

Nomearemos aos profesores titores destes últimos seis anos: Conchita, María Luisa, Rosario, e

Pilar Copa; sen olvidarnos dos profesores de E. Física: Anxo, Rocío e Marta; da profesora de inglés Teresa Yañez; de Ana, profesora de relixión; Manuel Roibás, informática e Xosé Antonio Díaz Escolante, valores sociais e cívicos, grazas a todos eles.

Aprendemos moitas cousas, algunhas difíciles e outras menos, mais todas axudáronos a medrar e a ser o que somos.

Grazas por esta etapa tan agradable e feliz, estes anos disfrutamos, rimos e algunha que outra vez choramos. Entristécenos ter que marchar, non debemos de esquecer o noso Colexio pero si debemos dicir adeus. Agora vemos que o mundo é moi grande para nos, mais o día que nos sexamos "os grandes" neste pequeno mundo, todos recordaremos o neno que houbo en cada un de nos.

Xamais te esqueceremos Colexio Paradai.

Asinado: **Ainhoa Expósito, Jesús Ángel Iglesias, Manuel López, Sara Montoya, Ángel Daniel Paredes, Marcos Pedrouso, Alejandro Pérez, Ghalía Pérez, Vanesa Pérez, Samuel Ramos, Alejandro Rivas, Nayara Suero, Alejandro Taboada, Dragos Trandafir, Patricia Vilela, Roumaissa Zaoui.**

Elaboramos na clase de plástica o mural da entrada do colexio en honor a **Carlos Casares** autor homenaxeado no día das letras galegas 2017.



Lembraremos este derradeiro disfráz de gondoleros en honra a esa preciosa cidade italiana que é Venezia .





AS

LARANXAS

MÁIS

LARANXAS

DE

TÓDALAS

LARANXAS



○ limoeiro de enormes laranxas

Ao dono da casa estoupalle unha

laranxa na cara.



Os veciños discuten o nome

do froito.



Unha laranxa di que son laranxas.

A pita pon un ovo xigante



Un zapato sae voando



Alumnos educación infantil 6ºA

# A galiña azul

Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita.  
É unha galiña moi rara, non ovos de cores e ademais non di cacaracá, senón que di cocococó.

As autoridades queren-  
lla quitar pero o pobo  
está do seu lado.

¿Sabedes que discorreron?


Pintar todas as galiñas  
do pobo de azul, así os  
gardas non sabe-

rían cal era  
a de

Lorenzo.



Però o conto non remata aquí, o alcalde di que cando chova todo se vai arransar



De momento, a xente do lugar ten un contrato para coñecer a verdadeira galinha azul.

Ariadna

Pablo Alejandra

Josué

Marta

José Antía

Daniel

Manuel

Aitana

Ayoub

ALEJANDRO

Alumnos e alumnas de E.I de 6º B

# As nosas rimas

Os nenos e nenas de primeiro  
xa lemos , sumamos ,  
restamos , multiplicamos  
e ata escribimos poemas !

Queres coñecermos ?

Se oes tic tac, tic tac  
anda por aquí **Malak**.



Gústame moito o xeado  
por eso me chamo **Pablo**.



Teño can, gato e poni  
e o meu nome é **Anthony**.

Se me ves nun barquiño  
quen navega é **Martiño**.



Vesme cun sombreiro de capitán  
porque son **Adrián**.

Teño unha grande melena lisa  
para chamarme **Narcisa**.



Gústame pintar, cantar  
e chámome **Karutar**.



A miña froita o ananás  
o meu nome é **Anás**.



Teño abellas num panal  
por eso me chaman **Manal**




Se me mareo, parai!  
que son **Saray**.




Cando 14 acertos teña na quiniela  
serei dona **Daniela**.

Loto		SENCILLO MÚLTIPLE 261		La Quiniela	
1.º Liga (8000 / 2.º Liga Adulante)		Lotería		Lotería	
1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9
10	10	10	10	10	10
11	11	11	11	11	11


Se moi maiño me falades  
contade co voso amigo **Álex**.



Serei avogado, músico ou pintor  
porque me puxeron **Victor**.



Se me ves con moitos cacharros  
saberás que son **Carlos**.



Se ves que me atrevín  
ponlle acento a **Kevin**.

**Kevin**  
**Fátima**

Necesito un acento e unha rima  
para dicir que son **Fátima**.

Paseando pola muralla  
canta e ri **Soraya**.



Non son Manoliño nen Bruno...  
eu son **Nuno**.



O noso amigo patrimonio  
é o compañeiro **Antonio**.



Non é nova nin é vella  
é a nosa titora **Estrella**.



Eu son **Pedro**  
e pinto un cedro.



Eu son **Markus**  
e xogo ao mus.

Eu son **Salma**  
e choco palmas.



Eu son **Malak**  
e poño o anorak.



Eu son **Mohamed**  
e estou en Túnez.



Eu son **Yanira**  
e bailo a muiñeira.




Eu son **Cristiana**  
a capitana.

Eu son **Coral**  
e son cordial.





Eu son Salvador  
e son un gladiador .



Eu son Armani  
e son un tuani .


Eu son Yahya  
e xogo co ioiá



Eu son Paula  
e leo unha fábula .




Eu son Sofía  
e gústame o día .



Eu son Mely  
e teño unha peli .

Eu son Georgiana  
e toco a campana .



Eu son Antón  
e pesquei un salmón .



Eu son Joel  
e comín un pastel .



Eu son Sarabi  
e non son unha babi .





Eu son Bilal ( Bilé )  
e xogo ao brilé .



Eu son Sergio  
e vou ao colexio .



A nosa titora .  
chámase Elvira  
a que suspira  
pola nosa disciplina.



**8 de marzo  
día de la mujer**



**Dragos George Trandafir.**

**Lugo**

La historia tiene muchísimos nombres de mujeres relevantes, pero yo voy a hablar de una mujer, que logró la perfección: mi madre (o la madre de cualquiera de vosotros). Creo que no es fácil, como joven mujer, cuidar de un niño día tras día, hasta que lo ves ``un árbol con raíces muy fuertes``. No hay cuadro más valioso como una madre llorando al lado de su hijo enfermo. Ella te ama sin condiciones, te dice que eres un milagro de la vida. Para mi, mi madre, va a ser una heroína, la mujer que me decía que no debo olvidar. ``Cuándo comas una manzana en tu cuerpo entra un trocito de belleza, una cosa viva. Nuestras madres no van a escribir una página en la historia, solo van a construir, con mucho sacrificio una pequeña vida : nuestra vida.

# Como Gulliver en el país de Liliput

Estoy mirando atrás, el primer año de colegio, mis pasos eran tan pequeños, mis manos temblaban de miedo, me sentía un enanito, sólo mis lágrimas parecían grandes. Recuerdo que sabía dos palabras en español y todo en mi alrededor parecía gigante.

Año tras año aprendí a caminar con más seguridad, entendí el valor de la palabra “respeto” y lo importante que es tener amigos.

Ahora tengo un cajón secreto en mi corazón donde guardo recuerdos de cada uno de mis compañeros. Por igual voy a recordar la paciencia que tuvo mi profe de primero, la confianza que demostró mi profe de cuarto, de mi profesora de música que con mucho coraje resistió a mi falta de voz y talento. Mi profesora de religión me enseñó que debo de mirar en mi alrededor las verdades que importan y que Dios está dentro de nosotros... y mi profesora de sexto que me explicó que las palabras te hacen más rico y te dan alas, que no debes avergonzarte de tus sentimientos.

Quiero dar las gracias a cada uno de mis compañeros, sin ellos no podría caminar hasta aquí.

Ahora mis pasos son grandes y me veo un Gulliver en el país de Liliput y un chico muy afortunado porque tengo 15 amigos y 15 historias que contar.

¡Gracias a todos!

Dragos George Trandafir

# MISIÓN IMPOSIBLE

Hai moito tempo, xa na Época Medieval, había nunha cova unha rapaza e dous rapaces chamados: Johan, Steven e Jessica.



De repente dos seus pensamentos saíu un mago que lles dixo:

- Vós sodes os electos para a misión de salvar o Reino. Tedes que infiltrarvos no reino inimigo e desactivar a BOMBA!! Que programou **TIC TAC**.
- Iso é imposible!!!! ..... Dixeron eles.  
E, de súpeto, o mago desapareceu.
- Steven: para facelo necesitaremos un plano do Reino.

Pero aquí comezou a súa sorte.

Cando o mago desapareceu déronse conta de que lles deixou o plano ..... que sorteeee! ..... era xusto o que necesitaban!!!

Ata que dixo Johan:

- “Teño unha idea”!  
Jessica despistará aos gardas co arco e Steven e eu pasaremos por uns condutos ata chegar ao punto de control e desactivar a bomba. Temos que comezar xa porque en pouco tempo explotará a bomba.

Jessica púxose mans á obra e dixo:

- “Mirádeme, mirádeme!!, mentres lanzaba frechas que se esvaecían no aire.

Cando os gardas se centraron en prestar atención para saber de onde xurdían esas frechas e a quen ían dirixidas, Johan e Steven entraron.

Unha vez dentro, todo ía segundo o planeado ata que...

..... O famoso **TIC TAC** os atopou e comezaron a loitar.....


Pero, **TIC TAC** era superior e gañoulles.

Entón Jessica, que estaba pendente do que acontecía, e vendo que os seus compañeiros estaban en perigo, foi correndo preto de onde estaban loitando e, sinalándolle co seu arco, conseguiu apuntarlle e cravándolle así unha frecha no costado, deixándoo ferido e fóra de combate – polo menos nun anaco-.

Acto seguido, os tres rapaces seguiron na busca do que ían facer e conseguiron atopar e desactivar a **bomba**. Unha vez desactivada, a ledicia foi tal que sen ser nada cautos e bastante inconscientes, puxéronse a celebralo éxito alí mesmo, na propia cova.

Pero, ao pouco, cando se decataron... **TIC TAC** xa estaba novamente xunto deles e volveron a comezar a pelexa .....

Ao final, entre os tres, conseguiron derrotalo e meteron entre reixas a **TIC TAC**. Aínda que, a vitoria non foi de todo óptima xa que, Steven, estaba tirado no chan ferido, loitando pola súa vida.



# FIN

Autores: Pablo López Díaz.

Javier Pacheco Pérez.

Curso: 3º B.

# A CIDADE

O alumnado de 3º B estudamos “AS LOCALIDADES E O CONCELLO” e así vimos e coñecemos a diferenza entre as aldeas, as vilas e as cidades.

- As **aldeas** son localidades pequenas e os seus habitantes forman a poboación rural.
- As **vilas** son localidades de tamaño mediano, máis grandes cas aldeas pero, máis pequenas que as cidades.
- E as **cidades** son localidades grandes. Teñen unha extensión e unha poboación maiores cás vilas.


Neste último punto e dado que tod@s os nen@s do noso grupo – clase, vivimos nunha cidade, foi onde nos centramos maioritariamente e así fixemos entre todos unha maqueta dunha cidade.



## Como son as cidades?

As características principais dunha cidade son:

- Os edificios adoitan ter varios pisos de altura. Son moi variados: vivendas, museos, teatros, comercios, hospitais,...



- As rúas son longas. As máis longas chámanse avenidas.




- Hai moitos servizos: educativos, sanitarios, administrativos,...
- Hai zonas industriais. Adoitan estar situadas nas aforas. Estas zonas da cidade onde se agrupan fábricas e talleres chámanse polígonos industriais.
- Divídense en barrios porque son grandes. Cada barrio ofrécelles aos seus habitantes distintos servizos: centros de saúde, polideportivos, bibliotecas,...

## As zonas dunha cidade:

Nas cidades distínguense tres zonas diferentes:

- O centro histórico. É a zona máis antiga. As rúas adoitan ser estreitas e hai museos e monumentos, como por exemplo, palacios e catedrais.








- O ensanche. Son os barrios que hai arredor do centro.  
Hai edificios de vivendas e de oficinas e avenidas.



- A periferia. É a zona máis moderna. Esténdese arredor dos ensanches. Hai moitos edificios de vivendas, avenidas, parques e centros comerciais. Tamén hai fábricas, almacéns, zonas de ocio, etc.



# LEO



Despois da

. O lagarto está



A

Cua , o



Cuo e a



TOMASA



Saen ao



Pasan pola miña

saudando ao



# NATUREXANDO EN 3<sup>ª</sup>A

Durante o curso estivemos traballando sobre a natureza. Algunhas actividades foron as seguintes:

Charla do SEPRONA



Recicla


# Recicla



# Recicla e cuida



# Punto limpo






# Conhecemos as plantas



# Plantamos




Sementes:  
Tomillo  
Albahaca  
Romeo  
Perexil

CUIDA LA NATURALEZA

Plantas da  
Arbore





# VISITAMOS "SOTAVENTO". QUE CONTENTOS!



VISTA DO PARQUE EÓLICO

Todas as nenas e nenos de 4º fixemos unha viaxe que resultou proveitosa e ademais de divertida tamén foi interesante.

Ese lugar elixido foi o parque de "Sotavento" que nos pareceu un gran invento!



AEROXERADORES

Primeiro a viaxe en autobús, que bonito resulta cando van os teus amigos e máis tu!



Xa cando demos chegada vimos os aeroxeradores que traballan co vento e uns pequenos motores, aquelas palas tan grandes nunca paran de moverse agás que non haxa vento ou que a alguén lle interese.

Pero o que máis nos gustou foi a casa bioclimática onde todo funciona case de forma automática, todo está moi ben pensado: a auga, a luz, a calor... todo moi aproveitado.



VIVENDA BIOCLIMÁTICA

A casa sempre está quente, as persianas son intelixentes, soben e baixan sen que ninguén se moleste.

Recollendo a enerxía do vento e do sol conseguen cousas asombrosas para nós.



SALÓN DA VIVENDA BIOCLIMÁTICA

As enerxías renovables serán as do noso futuro  
nós entendémolo e queremos que o entenda todo o mundo.

Alumnas/os de 4ºB

# CHARLA DO SEPRONA



*O martes, 28 de Marzo, os alumnos de 5º e 6º tivemos, na aula de usos múltiples do colexio, unha charla sobre o SEPRONA (Servizo de protección a Natureza) que ten a misión de velar por o cumprimento das leis que tendan a conservación da natureza e o medio ambiente.*

*A charla foi impartida por Roberto, un rapaz que pertence ao equipo de investigación de incendios forestais e que se encarga de averiguar onde se ocasionaron e cales foron as súas causas.*

*Falounos de como distribuían o traballo por patrullas e por zonas, utilizando cans para detectar armas, drogas ou artefactos explosivos en aeroportos e portos.*

*Explicounos que en caso de incendio debíase escapar del colocándose nunha devasa ou nun claro dende onde chamaremos ao 112, e que non se debe ir a mirar como o apagan; xa que, non é un espectáculo e entorpécese a labor dos bombeiros e outros grupos colaboradores.*

*Deunos normas a seguir, por exemplo, non tirar vidros nin cabichas mal apagadas porque podemos provocar un incendio. Tamén nos dixo que non debiamos tirar substancias contaminantes ou nocivas polo váter ou polos desaugadoiros porque chegan ao río e poden matar os peixes e contaminar as augas.*

*Chamounos moito a atención o elevado prezo dos helicópteros e das avionetas utilizadas para apagar os incendios.*

**FOI MOI INTERESANTE!!!**





## Que é o Nadal?

O Nadal é desexos  
desexos de felicidade  
felicidade para todo o mundo  
ese mundo que as veces nos trae  
tráenos inxustizas e guerras  
guerras en moitos lugares  
lugares que quedan lonxe  
tan lonxe que parece  
parece que non existen  
pero existen de verdade.

A verdade é que en eles hai  
hai nenos e nenas con medo  
medo nas súas caras feridas  
feridos os seus corazóns.

Dende o noso corazón lles mandamos  
mandamos xoguetes que son ... desexos  
desexos, moitos ... de PAZ  
e que esa paz lles chegue  
lles chegue neste Nadal.

FELIZ NADAL DESEXAMOS AOS NENOS E NENAS DO MUNDO OS  
VOSOS AMIGOS E AMIGAS , ALUMNOS DE 6º B , DENDE ESTE  
COLEXIO DE LUGO "O COLEXIO PARADAI".

# SAMAIN



PANTASMA,CABAZA, BRUXA,

MAGO,MOMIA, ESQUELETO,

VAMPIRO,SANGUE,MORCEGO,

ARAÑA,MEIGA,CURUXA,

ASUSTAR, ENGORDAR, ENFEITIZAR,

ILUSIONAR, ANDAR, MORRER,

CHUPAR,BEBER, VOAR, REPAR,

CONXURAR, MORDER,

BRANCA, LARANXA, MALVADA,

FEO,ALTA,FRACO,

SANGUENTO,VERMELLO,MORADO,

TECEDORA,DESDENTADA,CANSADA.



Os alumnos e alumnas de 6ºB escribimos e cantamos.

## CANTIGA do SAMAÍN

Este ano na escola  
imos celebrar o SAMAÍN  
dunha maneira nova  
e divertida sen fin.

O outono xa chegou  
as nubes cobren o ceo  
o vento zoa con forza  
e as follas caen de cheo.

O chan xa esta cheo de eurizos  
as castañas xa caeron  
os nenos imos por elas  
para asalas e comelas.

O 28 de outubro  
no colexio Paradai  
imos celebrar o MAGOSTO  
con moitos xogos moi guais.





E se vos non o sabedes  
o que é o SAMAÍN  
os nenos deste colexio  
cantarémolo porque si.

Non en todos os lugares  
celebrase por igual  
as festas son diferentes  
dependendo do lugar.

A noite do 31  
é unha noite especial  
na que se nos persegue  
dende o mais alá.

Son uns seres perdidos  
unha especie de pantasma  
é chegan onda nós  
para poderse vingar.

Foi no século I  
antes de Xesucristo  
cando os Celtas facían fogueiras  
para espantar os espíritos.



Esta noite o mundo dos mortos  
convive co mundo dos vivos  
e as almas dos antepasados  
volven cos seus amigos.

Foron os irlandeses  
coa súa tradición  
os que vadiaban cabazas  
e metíanlles iluminación.


Na escuridade da noite  
o lume guiaba aos mortos  
para atopar aos seus parentes  
e quentarse coa calor.

Do pobo Celta quedou  
unha fermosa tradición  
os chamados MILLADOIROS  
que amontoamentos de pedra son.

Tamén na nosa Galicia  
hai unha crenza arraigada  
que é a procesión dos mortos  
chamada SANTA COMPAÑA.



A Santa Compañía é  
a anunciadora da morte  
un vivo vai cunha cruz  
e ségueno as almas dos mortos.



Tódalas almas levan  
unhas velas acesas  
que non sempre se ven  
máis sempre se cheiran.

No Ceip Paradai  
celebramos o SAMAÍN  
cantando , bailando  
e gozando dun gran festín.

E aquí remata a cantiga  
soamente queda dicir

que todos vaíamos xuntos  
a meter medo no SAMAÍN.

SAMAÍN 2017



# MUINEIRA

Unha noite no muiño,  
unha noite non é nada  
unha semana enteira  
esa si é muiñada.

O muiño do meu pai  
eu ben lle sei o tempo  
cando está alto, baixalo;  
cando está baixo erguelo

Fun esta noite co muiño,  
nin moín nin muiñei;  
perdi a trenza do pelo  
iso foi o que gañei.



## Vintedous Picariños

No 2ºA do Paradai



vintedous picariños hai.



Somos guapos, somos listos



cariñosos e amorosos.



Ao cole chegamos



rebuldeiros e falanqueiros.





E cun sorriso ben fermoso



empezamos o día sin esforzo.



Xogando aprendemos,



e queremos ser os primeiros.



Gústanos escribir, multiplicar,



contar..., e merendar!!!

Porque ademáis de listos e pillabáns,



somos algo trastes e lambóns.



Queremos falar toda a mañá,



e a profe bufa por traballar!!!!



Porque quere que aprendamos,



para sermos máis sabios.




Polos nenos e nenas de 2ºA

Tamén lle gusta que nos queiramos



e nos axudemos.



E xuntos aprendamos



todo o que poidamos!!!



# PRIMAVERA

A primavera chegou  
e o frio ariston,  
chegaron os paxariños,  
as borboletas e as flores,  
a primavera chegou  
toda cheiña de cores.


Borboletas de cores  
que están dicindo?  
que dona primavera  
xa se está rindo.

Paxariños do campos  
que están cantando?  
que cheos de ledicia  
xa están voando.



# OS MUIÑOS

Os muiños foron construcións moi importantes na vida das aldeas de Galicia, así como do seu folclore, e das súas lendas. Nos muiños xurdían cancións, refráns, contos e ata unha danza: a muiñeira. Unha muiñada era unha antiga festa de mozos e mozas nos muiños mentres esperaban pola vez para moer o trigo, o centeo ou o millo. Para moer, os muiños utilizan a forza da auga do río ou do mar. Os muiños eran moi importantes porque neles se facía a fariña para facer o pan e para alimentar aos animais.




5ºA-5ºB

(4 ANOS) INFANTIL



# De viaxe a Nova Zelanda







E agora no Amazonas



e depois na China

## LENDAS DO MUNDO


O alumnado de 5º Bº quere entretervos con unha escolma de lendas de diferentes países e distintas comunidades autónomas de España.

### O SILBÓN (Lenda de Venezuela e Colombia)

O Silbón é un personaxe mítico de Venezuela e Colombia, que xurdiu a mediados do século XIX nas Chairas do Guaranito (Venezuela). Posteriormente foise estendendo tamén a Colombia.

O silbón é o espectro máis temido das chairas venezolanas. É un home alto e delgado, de preto de seis metros que foi condenado pola súa propia nai, despois de que matase a seu pai e comese as súas vísceras, a deambular polas chairas. O seu espantoso asubío é sinónimo de morte e desdicha, por iso lle chaman así.

Este home sobrenatural leva nas costas unha bolsa de ósos, e avisa da súa chegada co son do choque dos ósos. Se ninguén o escoita, vai cobrarse unha vítima ó día seguinte.



### A SANTA COMPAÑA (Galicia e Asturias)

**CONTAN QUE QUEN RECIBE A VISITA DA SANTA COMPAÑA MORRERÁ ANTES DUN ANO.....**

Quen afirma ter visto a SANTA COMPAÑA di que se aparece nos cruces de camiños para pedir a alma de quen axiña deixará o mundo dos seres vivos.

Os cans, anuncian a súa visita ouveando de forma desmedida.

Faise un silencio sepulcral, interrompido polo tintín dunha campá e os rezos dun fúnebre rosario.



## Aisha kandisha (a moza da curva) (Lenda de Marrocos)

Aisha Kandisha é presentada como unha muller fermosa e sedutora, con cabelos longos, que aparece en lugares con auga, mares, ríos, nacentes e pozos.

Seduce os homes ata que tolean e incluso se suicidan e, a continuación, faise Demo e ten poderes sobrehumanos, un pelo longo e desgreñado, é desdentada e vella, e cunha mirada cruel. Tamén é coñecida como Lala Aisha, Aisha Sudaniya, Aisha Ibahria.



A lenda de Aisha Kandisha é unha evolución do mito xudeu de Lilith, que foi a primeira muller de Adam antes de Eva. Lilith foi creada por Deus, mentres Adam, á súa imaxe e semellanza. Ela deixou o Edén considerando que Adam non a trataba como unha igual e pretendía sometela. El entón foi para o Mar Morto onde estaban os anxos a mirar, non querendo volver ao Paraíso, Deus loitou por matar os seus fillos. Desde entón, Lilith, tenta vingarse, secuestrando nenos dos seus peiraos e (segundo a tradición xudía) matando nenos (menores de 8 días), sen cortes. É tamén unha especie de demo que seduce os homes nos seus soños.



Hai dúas lendas que poderían explicar de onde xorde o nome de Aisha Kandisha, que podería ser o nome dunha muller que realmente existiu.

Segundo unha desas lendas, Aisha Kandisha era unha muller que existía no século XVI, cando os Portugueses invadiron a cidade de Mazagão (que é agora El-Jadida). Eles mataron e abusaron da súa familia. Como vinganza, ela usou a súa beleza para seducir e, a continuación, matar os soldados.

Outra lenda conta que era a filla de don Julián (Nobre Godo do Norte de África que facilitou a invasión da Península polos musulmáns para traizoar a Don Rodrigo), para negociar con Tárik ben Ziyad. Este non confiaba en don Julián e pediulle que deixase a súa filla como refén. Ela bañábase núa nas noites de lúa chea, e os nativos, que a vían fóra do mar, espida, brillando ao luar, co pelo mollado e longo, pensaban que era un Demo subindo do océano e atribuíanlle poderes que fan perder a cabeza ós homes.

**En Marrocos para cada Demo hai un talismán de protección, debuxos feitos con henna en forma de follas, diamantes ou debuxos con moitos puntos, pretenden protexer contra os feitizos de Aisha Kandisha.**

## A COVA DA SERPE ( Lenda de Friol, Galicia)

Sempre que podía, unha rapaza chamada Berta, de cabelos longos e castaños, cabalgaba polos bosques de Friol, en terras galegas. Ó seu pai, o señor de San Paio de Narla, isto non lle parecía ben. Por iso non foi de estrañar o que aconteceu un día. No medio dunha cabalgada desenfreada, a montura da moza terminou por desbocarse.



Un home da aldea viu o que pasaba e, conseguiu frear ao animal e calmalo. Logo acompañouna un pouco, pero ao coñecer quen era e onde vivía, retirouse rapidamente. A pesar diso, a rapaza quedou impresionada pola fortaleza e a valentía daquel home. Ao día seguinte, saíu na súa busca. Non lle foi moi difícil dar con el. A partir de entón, víanse todas as tardes. O trato levou ao namoramento mutuo.

Ao principio, crían que a súa relación permanecía a salvo das lérias da xente, pero pronto chegou a oídos do Señor de San Paio a amizade da súa filla cun plebeo e estoupo nun ataque de furia, e mandou apresar ao aldeán por acercarse á súa filla.

Unha noite en que os namorados estaban reunidos, os cabaleiros do Señor de San Paio de Narla seguíanos, pisándolles os talóns. Preto de alí, o aldeán sabía que existía unha cova. Todos trataban de evitar esas paraxes. Na vila dicían que se trataba da guarida dun dragón, á que chamaban a Serpe. Aínda así, a parella introdúcese nela. Non tiñan armas. Pero cando apareceu a cabeza do enorme dragón, coas fauces abertas, disposto a matalos, cunha furia inmensa o aldeán guindouse contra a besta, e berrulle á súa amada que se puxese a salvo. Os cabaleiros quedáronse na entrada da Cova da Serpe, sen atreverse a ir máis alá, aterrados polos ruxidos e os berros que chegaban ata os seus oídos dende o interior.

A filla do señor saíu fuxindo da Serpe, toleada pola dor de perder ao seu amado e a terrible escena que acababa de contemplar. É conducida á torre do seu pai, onde chora a súa traxedia e a súa soidade. Din que a rapaza desapareceu

ao amencer, adentrándose na cova para reunirse co seu amor. Conta a lenda que desde a entrada da cova poden escoitarse aínda os berros dos dous namorados, el tratando de defender a súa amada, e ela berrando o seu nome entre saloucos.



## A serea de Garrovillas (Lenda de Estremadura)

Hai xa moitos anos, unha rapaza de Garrovillas de Alconétar tivo un enfrontamento coa súa nai por un home do que estaba moi namorada. A nai non aceptaba ó futuro xenro e, moi enfadada, votoulle unha maldición á filla condenándoa a permanecer baixo a auga transformada en peixe. Actualmente dise que a moza, nas noites claras de lúa chea, emerxe



desde o fondo do Teixo ata a superficie convertida en serea. Coa súa fermosa cabeza, corpo de escamas, e cola de peixe seduce os pescadores, que engaiolados coa súa beleza terminan afogados. Desde entón cando aparece un corpo dun varón flotando nas augas do Encoro de Alcántara crese vítima desa maldita ninfa.

## A loba branca. (Lenda do Courel, Galicia)

Érase unha vez nunha aldea ás aforas de Galicia, na que habitaban algúns aldeáns, un claro que estaba no medio dun bosque enorme. Alí, no bosque, tamén habitaba unha manada de lobos. Unha loba branca era a que dirixía todos os pasos que daba a manada.

Un día, os cazadores da aldea, saíron cazar. Cando volveron pola noite, traían o corpo, da loba branca.

Á noite seguinte, os aldeáns celebraban aquela caza tan extraordinaria, de repente, escoitaron os lobos que comezaron a atacar a todos os aldeáns, os que puideron refuxiáronse nas súas casas pero os que non... foron arrastrados pola súa propia cobiza ata a morte.

O cazador, que na súa casa tiña o corpo da loba branca, o



seu mais prezado trofeo suxeriu aguantar os ataques.

Á noite seguinte el foi o que desapareceu, os aldeáns que cada vez eran menos, decidiron que o propio cazador, cavara a súa propia tumba.

Entón un mozo bastante novo, pero non por iso menos intelixente, decidiu levar o corpo da loba o claro onde todos os lobos ouveaban na lúa chea. Ese día os ataques cesaron e o pobo e os lobos volveron a estar en paz para sempre no Courel.

## **A casa encantada de Portocelo (Lenda de Xove, Galicia)**

En Portocelo, Xove (Lugo), hai un edificio de pedra construído no século XVIII ou XIX, de muros grosos, cuberta a catro augas e espléndidas vistas ó mar. Nin o actual propietario, nin os seus devanceiros inmediatos, viviron nela. E mesmo contan que o que a fixo era un tipo raro. Na casa pasaron e aínda pasan cousas raras. Unha vez que durmiron nela un grupo de homes, amenceron ó día seguinte coas cabezas postas no lado contrario do que se deitaran e cos cordóns dos zapatos amarrados ós do que tiñan ó lado. Teñen metido burros a durmir nela e pola mañá amencen cubertos de suor, unha pinga en cada pelo. Non hai moito tempo un home de Viveiro quedara antes do amencer diante da casa co dono para andar á lura; e viu como a cadea da leña estaba atravesada de parte a parte da estrada. Moi sorprendido quedou o dono da casa cando llo contou; había moito tempo que non se andaba coa tal cadea.


E tamén hai pouco meteron na casa patacas da semente de tamaño normal pero ó día seguinte aquelas patacas minguaran ata o tamaño dun ovo de pomba.

**Seguro que hai máis rarezas desta casa que non coñecemos, pero agardámolas.**

## **O Xigante de Garós (Lenda do Val de Arán, Cataluña)**

Era un home enorme, duns tres metros de altura, que dirixía as tribos do val na súa loita contra os romanos. Era moi forte e incorrupto. Tamén era moi bondadoso. Vivía nunha cova de Betlán. Os romanos non sabían como vencelo, así que tomaron de reféns á súa muller e á súa filla. El enfureceuse tanto que arrasou o campamento romano e rescatou a súa familia. Como era bondadoso perdooulles a vida ós romanos, pero mandou cortarlles unha orella a cada un, a modo de advertencia.


A caveira deste xigante consérvase na capela de Garós, e dise que ten poderes curativos e fai medrar fortes aos nen@s.



## PROXECTO: COÑECER PAKISTÁN O NOSO XOGO: ONDE ESTÁ?

### Para facelo necesitamos :

1. Taboleiro de cartón pluma
2. Cable sinxelo
3. Kit eléctrico escolar (pila, lámpada, porta lámpadas e punteiros)
4. Encadernadores de latón
5. Un mapa de Pakistán
6. Goma Eva
9. Cooperación de tod@s



### Comezamos:

1º Recorta a goma Eva, coa forma das provincias de Pakistán, en varias cores .

2º Pega a goma Eva ao cartón pluma, construíndo así o mapa .

3º Busca información de monumentos, cidades, lagos, montañas...

4º Sitúa na marxe esquerda, do cartón pluma, a información que pescudaches e na outra marxe o mapa de Pakistán.

5º Cos encadernadores: coloca un en cada punto de información e sitúa a súa parella onde corresponda no mapa, así poderemos localizar onde se atopa cada punto de interese.





6º No reverso do cartón pluma farás as conexións eléctricas, cada punto de interese coa súa situación no mapa. A conexión finaliza coa incorporación da pila, lámpada e os dous punteiros.

7º Comprobar se as conexións están ben feitas: sitúa un dos punteiros no encadernador dun punto de interese e outro na situación correcta no mapa... se aluma a lámpada todo estará correcto.



### Ponte a proba:

É o momento de xogar: intenta recordar o que pescudaches, o que uniches ... Aprender sen querer a través dun traballo feito con ganas.

**A mellor forma de aprender é xogando, porque é unha maneira de coñecer novos mundos . A motivación ven coas ganas de saber que hai outros lugares por explorar .**

**AS/OS ALUMNAS/OS DE 5ºA PRESENTARÁN O SEU TRABALLO ANTES DE FINALIZAR O CURSO, ESPERANDO QUE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA PODA XOGAR E APRENDER**



# CANTAS RAZAS HAI?



Este curso temos como lema **“A multiculturalidade”**. No colexio hai compañeiros de dezaioito países e nesta semana na que se celebra “O día internacional do pobo xitano” fixémonos esta pregunta: Cántas razas hai?



Todos pensabamos que había moitas razas, branca, negra e tamén que os xitanos forman unha raza, incluso hai persoas que pensan que hai razas superiores a outras, pero a realidade é moi diferente.




E encomezamos a investigar. A nai de tódolos seres humanos que vivimos no mundo era africana, sabémolo grazas aos estudos dunhas diminutas estruturas que se atopan dentro das nosas células, chamadas mitocondrias. Os cromosomas que levan a información xenética, hérdanse do pai e da nai, nunha gota do noso sangue está escrita a nosa historia no idioma dos nosos xenes, nembargante, as mitocondrias soamente se herdán da nosa nai,

transmitíndose de nai a filla, de fila a neta e así sucesivamente. Chegaron ata nos dende a nosa nai africana e de ela descendemos os 7.200 millóns de habitantes do planeta.

As mitocondrias femininas de todas as mulleres do mundo están enlazadas entre si como as ramas dunha árbore e o seu tronco ten as raíces en África.



A xenética revela que África foi o berce da humanidade. En Kenia, Tanzania e Etiopía apareceron os primeiros restos humanos, de iso hai 150.000 anos. Pero fai 70.000 anos, o primeiro grupo de africanos emigrou de África, separándose, uns viaxaron por occidente a Europa, outros tomaron o camiño de oriente, atravesaron Ásia, subiron polas estepas de Siberia... e chegaron a América.



E aquí xurde a nosa pregunta, si os nosos antepasados africanos eran negros, cómo hai tantos cores diferentes de pel? Os nosos antepasados africanos foron sufrindo transformación debido as diferentes condicións climáticas, a cantidade de melanina, que é o pigmento que lle da a cor á pel que nos protexe das radiacións solares, foron perdendo para poder captar os raios solares necesarios e poder asimilar a vitamina D necesaria para o crecemento.

Así pois, non hai diferentes “Razas Humanas” o que hai son diferentes cores de pel dependendo se vivimos en lugares diferentes, que están máis o menos expostos á luz do sol.

Un exemplo é a miña compañeira Sara, Sara é xitana, os seus antepasados saíron da India, por iso a cor da súa pel é máis escura, pero non por iso é diferente. Temos a mesma sangue, pertencemos a unha soa familia, de África vimos , de África somos.




**Así que, aínda que parezamos diferentes, somos iguais. A man branca que traballa, faino igual ca man negra, non hai razas cando un neno chora ou rí, só hai unha raza, a raza, a humana, así o quixo a nai natureza.**



# XOGAMOS COS NÓSOS NOMES

Adiviña o nome de cada un dos debuxos tendo en conta as pistas dadas:



Chámome **Alex**  
e xogo moito ao fútbol  
tamén estudo para os exames  
cando me aburro.

Eu son **José Luis**  
e gústame xogar,  
cando xogo ao parchís  
non paro de ganar.




O fútbol é a miña afección  
e o meu nome **Javier**,  
por culpa dunha lesión  
só o podo ver.

Cando a miña cobaia Roque  
me roza co seu bigote,  
a min **Zeltia** ponme a pel  
como se levase un coque.



Eu chámome **Dani**  
e son moi nervioso,  
sempre me estou movendo  
e por iso rompín un óso.

**Haroun** mercou un xarrón  
e cando o seu hámster o viu,  
botou un asubío  
que parecía un león.



Eu son **María**  
e cando vou ao cole,  
salto todo o día  
con moita alegría.

Eu son moi coqueta  
e o meu nome é **Ahitana**  
hoxe traio coleta  
e unha bonita saia.

O meu nome é **Iker**  
e son moi estudoso,  
tamén xogo ao spinner  
e son moi goloso.

Eu son **Pablo**  
e xogo ao xadrez,  
cando lle dou "xaque mate"  
ao rei sei que gañei.





<p>Son <b>Lucía</b>, vou de viaxe a Andalucía, pasado mañá chegará se o tempo non mo complicaría.</p>	<p>Eu chámome <b>Olalla</b> fun dar unha volta e atopei unha toalla que debaixo tiña unha medalla.</p>
<p>Chámome <b>Abdelilah</b> e son moi falador, a miña roupa é lila e corrín nunha estampida.</p>	<p><b>Lúa</b>, andaba pola rúa cando enriba dunha grúa había unha pobre rula ferida cunha pequena púa.</p>
<p>Como me gusta tanto debuxar follas gasto sen parar, o meu nome é <b>Alba</b> e a miña cor favorita o malva.</p>	<p><b>Noa</b> viaxou en canoa e fixo unha filloa, despois comeuna cunha culler que lle prestou unha muller.</p>
<p>A min gústame o fútbol pero non que me marquen gol, o meu nome é <b>Anxo</b> e o sábado xogo en Rianxo.</p>	<p>Eu chámome <b>Charo</b> e son unha nena moi cariñosa, aínda que co que me doe unha moa estoume poñendo nerviosa.</p>





OS ANOS DE 4º DE E.J

NO SAMAN

**OS DE 4º DE INFANTIL PASÁMOLO MOI BEN**



Tivemos unha sorpresa  
no nadal  
por ser bos



**OS DE 4º DE INFANTIL TAMÉN NOS DISFRAZAMOS E VIAXAMOS POLOS CONTOS**





Que ben o  
pasamos  
os de  
4º de infantil



**OS DE 4º DE INFANTIL APRENDEMOS XOGANDO  
CON LETRAS E NÚMEROS.... E TAMÉN CON  
CONTOS**

